

➤ 12 meses, 12 saberes é unha campaña de Verdegaija para divulgar o valor do patrimonio natural e etnográfico da Galiza.

➤ Ao longo de 2024 adicaremos cada mes a un saber e retámoste a que adquiras os coñecementos básicos dese saber.

Xaneiro Aves no esteiro  
*Rampallasa*

Febreiro Cantis  
*Monteferro*

Marzo Anfibios  
*Monte Aloia*

Abril Herbas e usos  
*Zamáns*

Maio Patrimonio cultural  
*Brañas de Sar*

Xuño Mámooas  
*Monte Penide*

Xullo Flora de ribeira  
*Vincios*

Agosto Metabolismos  
*Gandaras Budiño*

Setembro Aves de costa  
*Morrazo*

Outubro Espazo intermareal  
*Enseada S. Simón*

Novembro Dunas  
*Corrubedo*

Decembro Xeoloxía  
*Louriño*

Axúdanos a conseguir un mundo máis xusto:

- ✓ participando nas actividades,
- ✓ achegando os teus coñecementos (informática, audiovisual, bioloxía, dereito,...)

**verdegaija**

verdegaija.org - info@verdegaija.org

# 12 meses, 12 saberes

Coñecer o noso é a base para defendelo

## AVES no ESTEIRO

### Xornada de identificación de aves

Nesta actividade aprenderemos:

- A biodiversidade dun esteiro
- A identificar as aves máis comúns

**verdegaija**

As zonas húmidas como esta son un berce de produtividade primaria do que innumerables especies vexetais e animais dependen para subsistir.

Por ese motivo concentran unha grande cantidade de especies de aves, mamíferos, réptiles, anfibios, peixes e invertebrados.

No roteiro de hoxe observaremos as aves, destacando as ardeidas e as limícolas.

#### Ardeidas

Garzas e garcetas destacan polo pescozo e patas moi longos, unha vantaxe evolutiva que lles facilita pescar peixes e anfibios. Son aves solitarias.

#### Limícolas

Biluricos e mazaricos viven en zonas con limo, onde se alimentan de invertebrados como moluscos ou crustáceos. Forman bandos numerosos.

**verdegaija**

#### Esteiro da Foz

Estamos na desembocadura do río Miñor na comarca do Val Miñor, un espazo incluído na Rede Natura 2000 que destaca como área de refuxio para moitas aves.

Destacan as marismas salgadas sobre substrato limoso e areoso que a fan unha zona moi atractiva para unha grande diversidade de fauna.

Nembargantes leva décadas de deterioro por diversas agresións:  
• verteduras fecais provintes da EDAR  
• promoción descontrolada do turismo



**verdegaija**



**Diferenzas**  
 Tamaño: a garza é maior  
 Penas: na garza cinentas  
 Pico: amarelo vs. negro  
**Semellanzas**  
 Aves solitarias  
 Peteiro longo  
 Penas na caluga: exclusivas dos exemplares reprodutores



**Garza cincenta**  
*Ardea cinerea*  
 .É habitual vela pousada sosegadamente esperando que pase algunha presa

**Garzota**  
*Egretta garzetta*  
 .Patas negras e dedos amarelos  
 .Procura as presas camiñando e removendo nerviosamente o limo coas patas

**Bilurico bailón**  
*Actitis hypoleucos*  
 .Tamaño: 20 cms  
 .Patas curtas  
 .Entrada branca desde os lados do peito ata preto do pescozo



**Bilurico pativerde**  
*Tringa nebularia*  
 .Tamaño: 30 cms  
 .Patas longas  
 .Bico curvado cara arriba



**Atopa as diferenzas**  
 Cal ten o bico máis longo?  
 Cal ten o bico máis curvo?  
 Cal ten raias castañas na cabeza?



Mazarico galego  
*Numenius phaeopus*

Mazarico real  
*Numenius arquata*

**Gaviota chorona**  
*Chroicocephalus ridibundus*  
 Estamos moi habituados á gaivota patiamarela pero existe unha grande variedade de gaivotas. A chorona identifícase facilmente no Inverno pola aurícula negra e no Verán pola plumaxe cor de chocolate na cabeza.



Aurícula negra

Bico e patas vermellas

O nome alude ao seu canto e a como o interpretamos. En galego *chorona* porque nos semella un choro pero en castelán é *reidora* porque lles semella un riso.

